

Mércores, 16 de febreiro de 2022

Núm. 32

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEVEDRA**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

##### *APROBACIÓN DO LOGOTIPO DA IMAXE CORPORATIVA E DO MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA*

Expediente: 2022/XENSEC/000006

En data 03/02/2022 ditouse a seguinte resolución:

#### **“RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DE CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E PROMOCIÓN DA CIDADE**

ASUNTO: Aprobación do logotipo da imaxe corporativa e do Manual de identidade corporativa do Concello de Pontevedra.

Na sociedade actual a imaxe gráfica converteuse nun referente, debendo o Concello de Pontevedra non permanecer alleo a esa realidade, dotándose de instrumentos e ferramentas que reafirmen a súa identidade e faciliten a súa identificación ante a cidadanía. A presenza cada vez máis destacada da Administración local na sociedade debe adaptarse aos novos códigos de comunicación se se pretende ser eficiente e eficaz, atendendo aos principios de proximidade e servizo efectivo.

Deste xeito, é necesario adaptar a marca Pontevedra aos códigos gráficos actuais que, dalgún xeito, tamén reflictan o proceso de continua innovación que desde o Concello se está a levar a cabo en distintas materias de competencia municipal como son espazos públicos, xestión de residuos, xestión de vías e estradas municipais ou accións contra o cambio climático.

A utilización deste novo logotipo responde á vontade de posicionar Pontevedra como un concello de referencia, concibíndoo e comunicándoo como pioneiro e como referente en materia de calidade e deseño urbano sustentable para o país, o estado e outras rexións.

A través desta nova imaxe búscase actualizar e afianzar a percepción identitaria institucional, establecendo a vinculación da cidadanía coa identidade visual corporativa do Concello de Pontevedra, como institución representativa.

A imaxe corporativa non supón variación algunha dos símbolos oficiais.

Son de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Os concellos e demais Administracións Públicas poden utilizar imaxes visuais ou anagramas -sexa a modo de palabras, grafismos ou combinación de ambos-, como sistemas visuais de captación da atención dos destinatarios das mensaxes procedentes da referida Administración e utilízaos nos instrumentos de comunicación impresos cos cidadáns.



Mércores, 16 de febreiro de 2022

Núm. 32

O obxecto desta resolución é a aprobación do logotipo que representa a imaxe institucional da Corporación, que non debe confundirse co escudo municipal ao que o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro) lle atribúe unha función de “símbolo da cidade”.

Esta imaxe encaixa dentro do concepto de marca, como signo que serve para diferenciar e individualizar determinados produtos ou servizos, constituíndo un indicador de calidade, de tal xeito que, entra dentro do ámbito da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de marcas.

Segundo.- Non existe unha regulación concreta dos logotipos municipais e a competencia para a súa aprobación non está expresamente atribuída a ningún órgano. Por tanto, en virtude do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, debe entenderse que é competencia da Alcaldía, se ben debe considerarse delegada dentro do ámbito de réxime interior, na Concellera delegada da área de contratación, réxime interior e promoción da cidade, segundo o establecido no Decreto da Alcaldía de data 15/06/2019.

Terceiro.- Así mesmo, o Secretario da Administración Municipal que da fe da presente resolución, manifesta a súa conformidade á mesma, coa sinatura da presente resolución, por ser conforme co ordenamento xurídico.

Atendendo ao exposto, esta concellaría delegada da área de contratación, réxime interior e promoción da cidade, por delegación da Alcaldía de data 15/06/2019,

*RESOLVE:*

Primeiro.- Aprobar o logotipo da imaxe corporativa institucional do Concello de Pontevedra que figura como anexo I desta resolución.

Segundo.- Dispoñer que a imaxe corporativa institucional sinalada no resolvendo anterior, deberá usarse e figurar en todos os documentos administrativos e comunicacións expedidos polo Concello de Pontevedra.

Terceiro.- Aprobar o Manual de Identidade Corporativa do Concello de Pontevedra que se incorpora como Anexo II desta resolución.

Cuarto.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello, e publicar o Manual de Identidade Corporativa na sede electrónica do Concello de Pontevedra.

Quinto.- Dar conta desta resolución na primeira sesión plenaria que se celebre e dar traslado da mesma aos máximos responsables dos distintos servizos ou unidades do Concello.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica.



Mércores, 16 de febreiro de 2022

Núm. 32

## **Anexo I: Logotipo da imaxe corporativa institucional do Concello de Pontevedra**

## **Anexo II: Manual de Identidade Corporativa do Concello de Pontevedra”**

O logotipo da imaxe e o manual de identidade corporativa atópanse para a súa visualización e descarga na seguinte ligazón:

<https://sede.pontevedra.gal/public/publications/list/transparency/IDENTIDADE>

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica.

